

Boletín de Información Cultural de Lugo

VELLO CÁRCERE

-EXPOSICIÓN UN CÁRCERE, UNHA PORTA E UN XARDÍN. Historia do cárcere do Partido Xudicial
-EXPOSICIÓN O VELLO CÁRCERE DE LUGO. DA GUERRA Á POSGUERRA. Memoria histórica da represión franquista en Lugo

-EXPOSICIÓN DENDE O PANÓPTICO. CADA CELA UNHA FIESTRA. Mostra de arte contemporánea

Abertas ó público durante os próximos meses

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

O vello cárcere do Partido Xudicial de Lugo abre as súas portas como centro cultural polivalente chamado a ter unha grande importancia para a cidade e a contorna pola súa beleza e grande interese arquitectónico, pola súa excelente e respectuosa restauración e adaptación ós novos usos e pola súa privilexiada situación na Praza da Constitución, xunta a muralla, en fronte da porta do Campo Castelo. O horario xeral de apertura do centro é o seguinte:

-Martes e mércores: 11:00 a 14:00 e de 17:30 a 20:30

-Xoves e venres: de 11:00 a 14:00 e de 17:30 a 23:00

-Sábados: de 11:00 a 14:00 e de 17:30 a 22:30

-Domingos: de 11:00 a 14:00 e de 17:30 a 20:30

MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO

EXPOSICIÓN: ANIMALIUM. A IMAXE ANIMAL NA ARTE CONTEMPORÁNEA GALEGA. Artistas: Joge Agra, Óscar Aldonza, Álvaro de la Vega, Iago Eireos, Jorge Espiral, Pedro García Losada, Nicolás González Aller, Alberto Gulías, Lomarti, Xavier Magalhães, Paulo Neves, Noa Persán, Paco Pestana, Xosé Reigosa, Julio Sanjurjo, Seara, Camilo Seira, Peter Schneider, Enrique Tenreiro, Edu Valiña, Xoán Vila. Comisaria: Cristina Carballedo Penelas.

Datas: Ata o 31 de agosto

Horario: Martes a sábado, 11:00-13:30 e 17:00-19:30 / Domingos, 17:00-20:00 / Luns pechado

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

EXPOSICIÓN HUMOR DO PAÍS, de Luís Davila

Datas: Ata o 31 de xullo

Horario: Luns a venres 11:00-14:00 e 17:30-20:30; sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00; domingos e festivos 11:00-14:00

Organiza: Rede Museística Provincial de Lugo

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

EXPOSICIÓN MARUJA MALLO. VINTE ALMAS

Datas: Ata o 3 de setembro

Horario: Luns a venres 11:00-14:00 e 17:30-20:30; sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00; domingos e festivos 11:00-14:00

Organiza: Rede Museística Provincial de Lugo

SALA DE EXPOSICIÓNS DO PAZO DE SAN MARCOS

EXPOSICIÓN INFINITO CADUCO, de Denis Estévez

Datas: Ata o 31 de agosto

Horario: Luns a venres 11:00-14:00 e 17:30-20:30; sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00; domingos e festivos 11:00-14:00

Organiza: Rede Museística Provincial de Lugo

VELLO CÁRCERE / PROGRAMA DE VISITAS GUIADAS DOS MESES DE XULLO E AGOSTO

-Xoves e venres, de 18:00 a 21:00

-Sábados e domingos, de 11:30 a 13:30 e de 18:00 a 20:00

-Días 25 de xullo e 15 de agosto, de 11:30 a 13:30 e de 18:00 a 20:00

As prazas son limitadas (25-30 persoas), polo que hai que inscribirse previamente na recepción do Vello Cárcere ou no teléfono 982 297 195

PASEOS ARTÍSTICOS POLO CAMIÑO PRIMITIVO EN LUGO

Dentro do programa ÁGORA CULTURAL deste verán, organizado polo Concello de Lugo e a Deputación de Lugo, celebraranse os "Paseos artísticos polo Camiño Primitivo", que terán lugar os sábados, con saída ás 18:00 horas desde a praza do Campo. A súa duración será de aproximadamente dúas horas e rematarán na Ponte Vella.

O obxectivo é descubrir o Camiño Primitivo desde unha perspectiva artística. Os paseos converteranse nun reto creativo para os participantes, que coa súa cámara fotográfica ou dispositivo alternativo poderán tomar imaxes coas que logo se creará un álbum colectivo na rede social Pinterest de recordo. As persoas participantes poden enviar a este enderezo electrónico as fotos dos paseos: info@orbitacultural.com

O calendario é o seguinte:

-XULLO, días 22 e 29

-AGOSTO, días 5, 12, 19 e 26

-SETEMBRO, días 2 e 9

Como as prazas son limitadas, hai que inscribirse previamente na Oficina Municipal de Turismo (praza do Campo, 11), ou por teléfono no 982 251 658, onde tamén se poderá pedir máis información.

CAMPAMENTO DE TEATRO URBANO

A Deputación Provincial ofrece durante os meses de xullo e agosto un campamento de teatro, totalmente gratuito, dirixido a 120 nenos de entre 7 e 14 anos. Terá lugar no casco histórico da capital lucense.

Esta iniciativa busca fomentar entre os rapaces as artes escénicas e promover o centro da cidade lucense. Os participantes realizarán xogos e obradoiros diarios de teatro, caracterización de personaxes, improvisación, vestuario, danza, música e ritmo. Ademais, un actor famoso impartirá unha masterclass durante unha das xornadas.

Os interesados en participar poden facer a súa inscrición ata o 14 de xullo no 982 260 180 ou nas oficinas da Área de Cultura do Pazo de San Marcos.

A selección será por rigorosa orde de solicitude.

O campamento divídese en 4 grupos:

-Grupo 1, do 17 ao 31 de xullo de 9:00 a 13:00

-Grupo 2, do 17 ao 31 de xullo de 16:00 a 20:00

-Grupo 3, do 1 ao 9 de agosto de 9:00 a 13:00

-Grupo 4, do 1 ao 9 de agosto de 16:00 a 20:00

PROGRAMACIÓN NOS CATRO MUSEOS DA REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL

A Deputación Provincial ofrece máis de 600 prazas para 40 obradoiros infantís nos catro museos da Rede Museística Provincial de Lugo: Museo Provincial de Lugo, Museo do Mar (Cervo), Museo Fortaleza San Paio de Narla (Friol) e Museo Pazo de Tor (Monforte de Lemos). A inscrición pódese facer nas oficinas dos museos ou nos números de teléfonos respectivos. Dentro da programación de actividades hai obradoiros de teatro, cine, gravado, literatura ou pintura, entre outros.

Información: http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/0_16468_1.pdf

PROGRAMACIÓN DO CENTRAD

A Deputación Provincial a través do Centro de Artesanía e Deseño ofrece 6 obradoiros, totalmente gratuítos, co obxectivo de introducir os pequenos e os mozos nos oficios artesanís a través das coleccións e materiais cos que conta o CENTRAD. Todos os obradoiros terán lugar no propio Centro de Artesanía e Deseño de 11:00 a 13:00 horas.

Os interesados deberán chamar ao 982 21 00 66 ou enviar un correo a info.centrad@deputacionlugo.org co obradoiro solicitado, datos persoais e número de teléfono".

Información: http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/0_16468_1.pdf

ACTIVIDADE DA ASOCIACIÓN GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO

"Anunciamos a terceira edición do insuaCAMP, unha inmersión na fauna dos bosques aluviais do alto Miño (Lugo). Como en anos anteriores, o traballo centrarase en morcegos e libélulas, dirixido por especialistas en cada grupo; aínda que tamén se tocarán técnicas aplicadas a outros grupos zoolóxicos, como o fototrampeo. O InsuaCAMP está organizado pola AGCT e DROSERA, financiado pola Deputación Provincial de Lugo e co patrocinio de Conservas Antonio Pérez Lafuente, o que nos permite ofrecer unha cota de inscrición moi económica. Celebrarase entre o 31 de xullo e o 5 de agosto. Pódese atopar toda a información en: <http://www.custodiadoterritorio.org/insua-camp>".

MUSEO PROVINCIAL. ROTEIRO FOTOGRÁFICO O 27 de XULLO / Inscrición previa

Con motivo da mostra de Denis Estévez Infinito caduco que se pode ver na Sala de Exposicións da Deputación de Lugo, o xoves 27 de xullo, de 11:00 a 17:30 horas, terá lugar un roteiro fotográfico pola natureza urbana de Lugo. Este roteiro-obradoiro estará centrado no achegamento fotográfico á natureza no treito urbano do río Rato. Tratarase de aportar unha nova visión ao longo do percorrido, compartindo experiencias e coñecementos que enriquezan mutuamente a percepción que cada un ten do medio ambiente, desde unha perspectiva respectuosa e amigable, na que tamén haberá lugar para falar de técnicas e métodos fotográficos.

O roteiro será pola senda fluvial do Río Rato e estará dividido en dúas etapas, cunha parada para xantar á beira do río. Cada asistente deberá levar o seguinte equipamento: cámara dixital, trípode (opcional) comida e bebida.

As persoas que queiran participar nesta actividade, para maiores de 12 anos, deberán inscribirse gratuitamente no Museo Provincial de Lugo antes do día 26. Debido a que as prazas son limitadas, 15 en total, a inscrición será por rigorosa orde de solicitude.

BLUES MUSEUM / MASTERCLASS DE ASH GRUNWALD

Domingo 23 de xullo ás 12:30, no Museo Provincial de Lugo

Inscrición previa: cultura@deputacionlugo.org

BLUES MUSEUM / I FESTIVAL INTERNACIONAL DE BLUES DE LUGO

Data: Venres 21 xullo

Hora: 22:00

Concerto: Shirley Davis & The Silverbacks / The Lachy Doley Group / Guadalupe Plata

Lugar: Museo Provincial – Praza da Soidade

Organiza: Deputación de Lugo / Concello de Lugo

BLUES MUSEUM / I FESTIVAL INTERNACIONAL DE BLUES DE LUGO

Data: Sábado 22 xullo

Hora: 22:00

Concerto: Fred Wesley Generations / Ash Grunwald / The Soul Jacket

Lugar: Museo Provincial – Praza da Soidade

Organiza: Deputación de Lugo / Concello de Lugo

EXCURSIÓN POLAS TERRAS DE AUGA E CULTURA / NATUREZA

Data: Domingo 23 de xullo

Excursión: *Camiño do Miño* / Pola ribeira do Miño dende Sisoí ata Ombreiro. Visita ás insuas do Miño / 17 km / Xantar de campo na Casa das Insuas de Rábade

Lugar de saída: Parada do bus urbano de diante do Seminario Maior (rúa Anxo López Pérez)

Hora de saída: 10:30.

Inscrición: Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo, 11, tf 982 251 658, ata as 14:00 do día anterior á excursión (Máximo, 35 persoas)

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

CONCERTO - ÁGORA CULTURAL

Data: Martes 25 de xullo

Hora: 12:00

Concerto: Banda Municipal de Lugo

Lugar: Praza Maior

Organiza: Concello de Lugo / Deputación de Lugo

CONCERTO - ÁGORA CULTURAL**Data:** Mércores 26 de xullo**Hora:** 19:00**Concerto:** Cuarteto da LUCA (Lugo Camerata)**Lugar:** Praza Maior**Organiza:** Concello de Lugo / Deputación de Lugo

CONCERTO - ÁGORA CULTURAL**Data:** Xoves 27 de xullo**Hora:** 20:00**Concerto:** Amparo Arias**Lugar:** Campo Castelo**Organiza:** Concello de Lugo / Deputación de Lugo / Asociación ¡clap!

EXCURSIÓN POLAS TERRAS DE AUGA E CULTURA / ANTROPOLOXÍA E ETNOGRAFÍA**Data:** Domingo 30 de xullo**Excursión:** *Señores e campesiños. As formas de vida no campo lucense* / Festa da Malla, ruta polos pazos do Corgo / 10 km / Xantar de campo, con posibilidade de xantar de restaurante**Lugar de saída:** Parada do bus urbano de diante do Seminario Maior (rúa Anxo López Pérez)**Hora de saída:** 10:30.**Inscrición:** Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo, 11, tf 982 251 658, ata as 14:00 do día anterior á excursión (Máximo, 35 persoas)**Organiza:** Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo
